

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA DEZASEIS DE MARZO DE DOUS MIL QUINCE: - - - - -

=====

PRESIDENTA:

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

- D^a M^a Paz Lago Martínez**
- D. Salvador Durán Bermúdez**
- D^a M^a Isabel González Domínguez**
- D. Marcos Guisasola Padín**
- D^a María Deza Martínez**
- D. Constantino Sanmartín Quiñones**
- D^a Almudena Aguín Fernández**
- D. Gonzalo Gonzalo Pita**
- D^a M^a Victoria González Serén**
- D^a M^a Esther Freijeiro Vázquez**
- D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo**
- D. José Buezas Méndez**
- D. Pablo Piñeiro Taboada**
- D. David Otero Domínguez**
- D^a Sandra Fernández Agraso**
- D. José-Luis Rodríguez Lorenzo**

NON ASISTE:

**D. José Juan Vidal Vilanova
(INTERVENTOR)**

SECRETARIO :

D. Ángel Luís López Pita.

=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as nove horas e trinta e sete minutos do día dezaseis de marzo de dous mil quince, **baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA**, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

1º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA DESIGNACIÓN DE XUÍZ DE PAZ TITULAR DO XULGADO DE PAZ DE SANXENXO. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do 12 de marzo de 2015 sobre esta proposta.

A Sra. Alcaldesa recordou que na comisión informativa existía unha dúbida sobre se se debía nomear xuíz suplente, para o que sería necesario presentar unha emenda, sinalando ao respecto que a xuíz suplente foi elixida nun momento distinto, polo que procederá o seu nomeamento dentro duns meses, non correspondendo agora a súa elección.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, indicou que ía manter o voto de abstención que tivo na comisión informativa, posto que non tiña nada en contra de ningunha das candidatas presentadas, precisando que debía de articularse outro método de elección, para que ninguén poida sentirse discriminado.

A Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, dixo que tamén ían manter o voto favorable dado en comisión, xa que así o farían para calquera das persoas que presentaron solicitude, aínda que recoñecían que sería bo facilitar unha rotación dos nomeamentos, independentemente de que a retribución deste posto non é grande.

A Sra. Alcaldesa explicou que calquera das candidatas podía ser nomeada, porque todas reunían os requisitos necesarios, pero que era unha obriga do grupo de goberno realizar unha proposta.

Ao non producirse mais intervencións a Sra. Presidenta someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0

Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: elixir a D^a Dulce María Crespo Domínguez como xuíz de paz titular de Sanxenxo por considerarse a candidata mais idónea.

SEGUNDO: remitir certificación deste acordo ao Xulgado de 1ª Instancia e Instrución de Cambados e á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dando cumprimento ao artigo 101.3 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.-----”

2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA, EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/15. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 12 de marzo de 2015 sobre esta proposta.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, manifestou que ían manter o voto de abstención, porque aínda que as sentenzas hai que cumprilas, non se lles fixo partícipes da decisión de que partidas presupostarias tocar para sacar o diñeiro necesario para incorporar á modificación de crédito, engadindo que isto é o resultado dunha xestión non axeitada, con erros dos políticos que pagan os veciños.

A **Sra. Agúín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, explicou que este era un exemplo de mala xestión do grupo de goberno do Partido Popular, coa **Sra Alcaldesa** en primeira persoa, posto que firmou o contrato inicial e logo houbo desleixo ata que este asunto se lle foi das mans, cunha empresa que seguía facendo o servizo e estas son as consecuencias. A interviniente aludiu a que a sentenza insinúa unha convivencia entre o concello e a empresa, á que este asunto lle saíu moi ben, posto que o déficit do servizo o vai pagar o concello cuns cuartos que podían destinarse a políticas de benestar social, polo que o que lles pedía ao corpo era votar en contra desta proposta e, noutro momento, mesmo pedirían que o diñeiro para facer fronte á sentenza saíse da retirada das dedicacións exclusivas dos concelleiros, o que evidentemente a dous meses das eleccións non é posible. Finalmente a interviniente indicou que se absterían, porque tamén se trataba de evitar que se seguisen xerando intereses.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, indicou que había quen lle daba á alcaldía o beneficio da dúbida, considerando o sucedido como un erro inconsciente, cando el cría que foi premeditado e executado con esta finalidade. O intervineinte dixo que, nun principio, este era un servizo que se podía valorar prestalo, mesmo cun período de proba, que foi o que realizaron co primeiro contrato, no que por certo, se falaba de promover o uso do transporte polos veciños, que tiña unha validez de tres meses e co remate, en todo caso, antes de finais de ano, recordando que se estaba no 2008 e posteriormente se converteu nun servizo que se prestou ata o ano 2011, porque á **Sra. Alcaldesa** lle interesou por motivos electorais, a pesar de que era deficitario e os veciños non o utilizaban. O interviniente indicou que se violou a normativa de transportes, ao non someter a libre concorrencia a contratación, sinalando que nas facturas se facía referencia a esta situación, sendo a empresa a gran favorecida e destacando que os propios integrantes do grupo de goberno recoñeceron a existencia deste servizo cando foron a declarar ao xulgado, finalizando a súa alocución para sinalar que ían a votar en contra da proposta.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, aludiu a existencia dunha sentenza que obriga ao concello a pagar unhas cantidades e que vai votar en contra con maior motivo que outros, porque a pesar de formar parte do grupo de goberno, o Concelleiro de Economía viu cunha proposta pechada, non facéndolle partícipe da determinación de onde sacar o diñeiro para pagar a débeda, cando pola súa parte podía haber propostas ao respecto, mesmo cunha ampliación de prazos de pagamento.

O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, sinalou que era obriga dun goberno responsable cumprir as sentenzas e dada a existencia dun decreto do ano 2014, que fixo unha moratoria do préstamo para pagar aos provedores, polo que non sería necesario tocar ningunha partida do presuposto prorrogado, consideraba esta a mellor opción para aboar a débeda, independentemente de que a todos lles gustaría dispoñer deste remanente para poder dedicalo a outros fins.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que non entraba na forma de pagamento que propuxo o Concelleiro de Facenda, independentemente de que comprendía a discrepancia do **Sr. Rodríguez Lorenzo**, pero

entendendo que no goberno municipal cada concelleiro, para a súa área, fai as propostas que entende mais axeitadas. A continuación indicou que se ía a entrar no fondo do asunto e recordou que este pagamento non era unha indemnización, porque o servizo de transporte público existiu e precisou que non se puido sacar a concurso público, porque parte do mesmo discorría por carreteras de titularidade autonómica, nas que a explotación da concesión do servizo de transporte público xa estaba outorgada pola Xunta de Galicia á empresa que o prestaba. Este servizo estivo a disposición de todos os veciños que quixeron utilizalo e chegou un momento no que a empresa non o podía seguir realizando, porque era deficitario e no concello existían discrepancias sobre a posibilidade de facer o pagamento, dado que pola empresa se cobraba unha cantidade aos veciños e, nese sentido, recordou a existencia dun expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, con informe contrario da intervención municipal, razón pola que finalmente a empresa reclamou no xulgado e este deulle a razón, rematando a súa exposición para dicir que no ano 2008 xa había ganado as eleccións municipais con maioría absoluta e non tiña necesidade de actuar con fins electorais.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal do Partido Popular)

Votos en contra: 3 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 6 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría simple dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a dación dun crédito extraordinario ao amparo do disposto no artigo 173.2 e 173.3 da Lei reguladora das facendas locais, en versión dada polo R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo, por un importe de 349.109,24 euros, na aplicación 92001 226, financiándose coa baixa por anulación do crédito na aplicación 01101 91320.

SEGUNDO: Proceder á exposición pública do expediente de crédito extraordinario nº 1/2015 polo prazo de quince días hábiles mediante anuncio que se insertará no Boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de reclamacións entendéndose definitivamente aprobado en caso de que estas non se presentaran.”-----

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CREACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA FACTURACIÓN ELECTRÓNICA. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 12 de marzo de 2015 sobre esta proposta.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, indicou que ía manter o voto a favor da comisión informativa, porque apoiaban todo o que tiñan que ver coa incorporación das novas tecnoloxías, agardando que isto puidese servir de punto de inflexión para a

consecución dunha administración mais accesible.

A **Sra. Aguin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista**, sinalou que votan a favor de todo o que permita unha maior axilidade administrativa.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que compartía coa oposición a necesidade de adaptar a administración as novas tecnoloxías, pero tendo en conta tamén que había que facilitar esta adaptación aos veciños e por iso, esta ordenanza ía permitir que ata unha determinada cantidade as facturas poidan seguir presentándose en soporte papel.

Non se producen mais intervencións e a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: Aprobar a creación da ordenanza municipal reguladora da factura electrónica, que consta de 10 artigos, 2 disposicións adicionais e 1 disposición única transitoria, co seguinte texto:

“Artigo 1. Ámbito obxectivo.

En base ao disposto na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e a creación do rexistro contable de facturas do sector público, regúlase a través da presente Ordenanza os requisitos técnicos das facturas electrónicas remitidas a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas do Estado, FACE, ao que se atopa adherido o Concello do Sanxenxo.

Quedan excluídas da obriga de facturación electrónica as facturas cuxo importe sexa de ata 5.000,00 euros (IVE incluído), as cales poderán ser presentadas en formato papel no Rexistro xeral de entrada de documentos do Concello de Sanxenxo.

As facturas por importe superior a 5.000,00 euros (IVE incluído) deberán presentarse de forma electrónica a través do Punto xeral de entrada de facturas do Estado, FACE, ao que se atopa adherido o Concello de Sanxenxo.

Artigo 2. Ámbito de aplicación subxectivo.

O previsto na presente ordenanza será de aplicación ás facturas emitidas no marco das relacións xurídicas entre provedores de bens e servizos e o Concello de Sanxenxo.

Artigo 3. Obriga de presentación de facturas no rexistro.

O provedor que teña de expedir unha factura polos servizos prestados ou bens entregados ao Concello de Sanxenxo, terá a obriga, a efectos do disposto nesta Lei, de presentala ante un rexistro administrativo, nos termos previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de trinta días desde a data de entrega efectiva das mercancías ou a prestación de servizos. En tanto non se cumpran os requisitos de tempo e forma de presentación establecidos nesta Lei non se entenderá cumprida esta obrigación de presentación de facturas no rexistro.

Artigo 4. Uso da factura electrónica no sector público.

Todos os provedores que entreguen bens ou presten servizos ao Concello de Sanxenxo poderán expedir e remitir factura electrónica. En todo caso, estarán obrigadas a expedir a factura

electrónica a partir do 15 de xaneiro de 2015, e á súa presentación a través do punto xeral de entrada que corresponda (FACe), as entidades seguintes cando o importe da factura sexa superior a 5.000,00 euros (IVE incluído):

- a) Sociedades anónimas;
- b) Sociedades de responsabilidade limitada;
- c) Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española.
- d) Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.
- e) Unións temporais de empresas;
- f) Agrupación de interese económico, Agrupación de interese económico europea, Fondo de pensións, Fondo de capital risco, Fondo de investimentos, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo de titulización hipotecaria ou Fondo de garantía de investimentos.

Artigo 5. Exclusión de facturación electrónica.

Quedan excluídas da obriga de facturación electrónica as facturas cuxo importe sexa de ata 5.000,00 euros (IVE incluído), as cales poderán ser presentadas en formato papel no Rexistro xeral de entrada do Concello de Sanxenxo. As mesmas deberán axustarse ao disposto no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación.

Artigo 6. Formato da factura electrónica e a súa firma electrónica.

As facturas electrónicas que se remitan ao Concello de Sanxenxo deberán ter un formato estruturado e estar asinadas con sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido, de acordo co disposto no artigo 10.1 a) do Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se rexen as obrigas de facturación.

Tamén se admitirá o selo electrónico avanzado baseado nun certificado recoñecido que reúna os seguintes requisitos:

- a) O certificado deberá identificar á persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica que sele a factura electrónica, a través da súa denominación ou razón social e o seu número de identificación fiscal.
- b) A solicitude do selo electrónico avanzado poderá formularse ben mediante comparecencia presencial dunha persoa física que acredite a súa representación, ben por medios electrónicos mediante o DNI electrónico e a remisión dos documentos que acrediten o seu poder de representación en formato papel ou electrónico. O selo electrónico é o conxunto de datos en forma electrónica, consignados ou asociados con facturas electrónicas, que poden ser utilizados por persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica para garantir a orixe e a integridade do seu contido.

Artigo 7. Requisitos dos documentos.

A factura é o documento, con efectos fiscais, emitidos polo acreedor derivado dunha operación de

compravenda de subministro, dunha prestación de servizos ou realización de obras, que expresa a obriga de pago do debedor.

Sen prexuízo doutros datos ou requisitos que poidan resultar obrigatorios por aplicación do Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, terá que constar nas facturas presentadas:

- a) Número e, no seu caso, serie da factura.
- b) A data da súa expedición.
- c) Nome e apelidos, razón ou denominación social completa e domicilio fiscal do expedidor da factura.
- d) Número de identificación fiscal atribuído pola Administración Española, ou no seu caso por outro país membro da Comunidade Económica Europea, co que se realizou a operación o obrigado e expedir a factura (NIE).
- e) Identificación do Concello, co seu CIF e domicilio fiscal:
Concello de Sanxenxo
CIF P3605100A
Consistorio, 4-6, 36960 Sanxenxo
- f) Importe das operacións, con base imponible, tipo de IVE, cota e total factura, incluíndo o prezo unitario sen imposto de devanditas operacións, así como calquera desconto ou rebaixa que non estea incluído en devandito prezo unitario. No caso de que a operación que se documenta estea exenta de IVE, referencia á normativa ou indicación de dita exención.
- g) Retencións en concepto de IRPF e demais que, no seu caso, resulten procedentes.
- h) Descrición da obra, servizo ou fornezo realizado.
- i) Data en que se efectuou a operación que se factura.
- k) Oficina contable, órgano xestor e unidade tramitadora (CÓDIGOS DIR3). No caso do Concello de Sanxenxo os datos a consignar serán os do seguinte detalle:

Oficina contable:	LO1360519 INTERVENCIÓN
Órgano xestor:	LO1360519 ALCALDÍA
Unidade tramitadora:	LO1360519 INTERVENCIÓN.

No caso do O.A. Terra de Sanxenxo, os datos a consignar serán os do seguinte detalle:

Oficina contable:	LA0003970 INTERVENCIÓN O.A.
Órgano xestor:	LA0003970 ALCALDÍA PRES. O.A.
Unidade tramitadora:	LA0003970 INTERVENCIÓN O.A.

Os pregos de cláusulas administrativas de tódolos concursos que publique o Concello de Sanxenxo deberán conter esta codificación, que será indispensable para a remisión das facturas electrónicas.

Cando se trate de facturación de subministros acompañarase copia do albará de entrega e destino do material no que conste:

- Data de recepción do fornecemento.
- Identificación da persoa que recibe o fornecemento.
- Sinatura de devandita persoa e, no seu caso, selo do centro receptor.

l) Centro ou unidade administrativa que realizou o gasto.

m) Forma de pago: dado que a forma de pago que ten establecido o Concello é a transferencia bancaria, xuntamente coas facturas xuntarase fotocopia do NIF ou CIF, certificado de titularidade de conta bancaria e copia da alta no Imposto de actividades económicas, na que conste o epígrafe ou epígrafes de alta no imposto.

Esta documentación non deberá presentarse si xa se ten a condición de provedor habitual do Concello, salvo que exista modificación nos datos fiscais do provedor ou se desexe modificar a conta corrente onde percibir as cantidades que se lle deban.

Farase constar tamén a información que relacione a factura co contrato adxudicado ou a autorización de gasto pertinente.

Ademais dos datos sinalados previamente, recoméndase facer constar nas facturas a seguinte información:

- O correo electrónico, teléfono e concreción da persoa de contacto. Aqueles provedores que ostenten a condición de persoa xurídica deberán facilitar a dirección de correo electrónico de acordo co previsto no artigo 27.6 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Non son facturas nin documentos xustificativos:

- O albará que é o documento que acredita a recepción dun subministro.
- A factura proforma xa que non é unha obriga de pago, non ten efectos fiscais.
- Os documentos substitutivos das facturas como son os tiquets, estes non poden ser admitidos, xa que en todo caso débense emitir facturas simplificadas, segundo o Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigacións de facturación.

Artigo 8. Punto xeral de entrada de facturas electrónicas.

O Concello de Sanxenxo dispón dun Punto xeral de facturas electrónicas a través do cal recibiranse todas as facturas electrónicas que correspondan a entidades, entes e organismos vinculados ou dependentes. O Concello de Sanxenxo está adherido á utilización do Punto xeral de entrada de facturas electrónicas que proporciona o Estado, FACe, sendo o seu enderezo electrónico o seguinte:

<https://face.gob.es/es/>

O punto xeral de entrada de facturas electrónicas proporcionará unha solución de intermediación entre quen presenta a factura e a oficina contable competente para o seu rexistro.

O punto xeral de entrada de facturas electrónicas permitirá o envío de facturas electrónicas no formato que se determina na Lei 25/2013, de 27 de decembro. O provedor ou quen presente a

factura poderá consultar o estado da tramitación da factura.

Todas as facturas electrónicas presentadas a través do punto xeral de entrada de facturas electrónicas producirán unha entrada automática nun rexistro electrónico da administración pública xestora de devandito punto xeral de entrada de facturas electrónicas, proporcionando un acuse de recibo electrónico con acreditación da data e hora de presentación.

O punto xeral de entrada de facturas electrónicas proporcionará un servizo automático de posta a disposición ou de remisión electrónica das mesmas ás oficinas contables competentes para a súa rexistro.

Artigo 9. Procedemento para a tramitación de facturas.

- O rexistro administrativo no que se reciba a factura remitiraa inmediatamente á oficina contable competente para a anotación no rexistro contable da factura. As facturas electrónicas presentadas no correspondente punto xeral de entrada de facturas electrónicas, serán postas a disposición ou remitidas electronicamente, mediante un servizo automático proporcionado por devandito punto, ao rexistro contable de facturas que corresponda en función da oficina contable que figura na factura. Na factura deberán identificarse os órganos administrativos aos que vaia dirixida, de conformidade coa disposición adicional trixésimo terceira do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

2. A anotación da factura no rexistro contable de facturas dará lugar á asignación do correspondente código de identificación de devandita factura no citado rexistro contable. No caso das facturas electrónicas devandito código será comunicado ao momento xeral de entrada de facturas electrónicas.

3. O órgano ou unidade administrativa que teña atribuída a función de contabilidade remitirá ou poñerá a disposición do órgano competente para tramitar, se procede, o procedemento de conformidade coa entrega do ben ou a prestación do servizo realizada por quen expediu a factura e proceder ao resto de actuacións relativas ao expediente de recoñecemento da obriga, incluída, no seu caso, a remisión ao órgano de control competente a efectos da preceptiva intervención previa.

4. Unha vez recoñecida a obriga polo órgano competente que corresponda, a tramitación contable da proposta unha orde de pago identificará a factura ou facturas que son obxecto da proposta, mediante os correspondentes códigos de identificación asignados no rexistro contable de facturas.

Artigo 10. Efectos da recepción da factura no punto xeral de entrada de facturas electrónicas e anotación no rexistro contable de facturas.

A recepción da factura no punto xeral de entrada de facturas electrónicas e a súa anotación no rexistro contable de facturas terá unicamente os efectos que de acordo coa Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común se deriven da súa presentación nun rexistro administrativo.

Disposición adicional primeira. Entrada en vigor da factura electrónica.

De conformidade co disposto na Disposición adicional oitava da Lei 25/2013, de 27 de

decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, entrará en vigor o 15 de xaneiro de 2015.

Disposición adicional segunda. Entrada en vigor.

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez se publique completamente o seu texto no Boletín oficial da provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, Reguladora de bases de réxime local, todo iso, de conformidade co artigo 70.2 da citada Lei.

Disposición transitoria única

Unha vez entre en vigor a presente ordenanza, retrotraer os seus efectos xurídicos á data de entrada en vigor da obrigatoriedade da presentación da factura electrónica, é dicir, ao 15 de xaneiro de 2015 ou data posterior na que sexa operativa a plataforma FACe de rexistro de facturación electrónica”.

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e retrotraer os seus efectos xurídicos á data de entrada en vigor da obrigatoriedade da presentación da factura electrónica, é dicir, ao 15 de xaneiro de 2015 ou data posterior na que sexa operativa a plataforma FACe de rexistro de facturación electrónica.”-----

4º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PARA APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 4 DO PXOM DE SANXENXO. O Sr. Secretario deu lectura á parte dispositiva da proposición da alcaldía que a continuación se transcribe literalmente e explicou que este punto non se levou a comisión informativa, polo que debía ratificarse, no seu caso, a súa inclusión na orde do día:

“ASUNTO: PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA. APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 4 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANXENXO

INTERESADO: CONCELLO DE SANXENXO

EXPEDIENTE: MPXOM04

Mediante resolución da alcaldía, de data do 4 de novembro de 2013, acordouse iniciar a fase de formulación da Modificación Puntual nº 4 do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Sanxenxo, consonte ao disposto no Informe – Proposta do Xerente Municipal de Urbanismo de 4 de novembro de 2013, ao abeiro do art. 84 da Lei 30/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), ordenando aos servizos técnicos e xurídicos da Xerencia Municipal de Urbanismo a redacción do correspondente Anteproxecto de Modificación Puntual, como Documento de Inicio, para a súa remisión, xunto co acordo de inicio, ao órgano competente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia. Igualmente, acordábase solicitar dese organismo o non sometemento da Modificación Puntual nº 4 do PXOM de Sanxenxo ao

proceso de avaliación ambiental estratéxica.

O anteproxecto referido no parágrafo anterior foi redactado con data de novembro de 2013, sendo subscrito polo arquitecto municipal, D. Rafael Vázquez Abal; o Técnico de Administración da Xerencia Municipal de Urbanismo, D. José Manuel Rey Rial; e o Xerente de Urbanismo – Licenciado en Dereito, D. Juan Lorenzo Ramírez. O mesmo foi remitido á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia solicitando ditame sobre a necesidade de sometemento do documento de avaliación ambiental estratéxica. Polo referido organismo, con data do 12 de decembro de 2013, emitiuse acordo sobre decisión de non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica a Modificación Puntual Nº 4 do PXOM.

Con data de xaneiro de 2014, por parte dos técnicos municipais referidos nos parágrafo anterior, procedeuse á elaboración do “Proxecto de Modificación Puntual Nº 4 do PXOM de Sanxenxo”.

Con data do 13 de maio de 2014, polo arquitecto municipal D. Rafael Vázquez Abal e o técnico de administración – Licenciado en Dereito D. José Manuel Rey Rial, emítense informe conxunto no cal se establece a necesidade de incorporar ao proxecto de modificación puntual redactado en xaneiro de 2014 unha serie de consideracións realizadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. En base ás referidas consideracións, con data do 14 de maio de 2014, elabórase o documento denominado “Proxecto de Modificación Puntual nº 4 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sanxenxo”, subscrito polo arquitecto municipal D. Rafael Vázquez Abal, e polo técnico de Administración da Xerencia Municipal de Urbanismo – Licenciado en Dereito, D. José Manuel Rey Rial.

Dito proxecto, previa a tramitación correspondente, foi aprobado inicialmente por acordo do Concello Pleno en sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de maio de 2014, acordando igualmente someter o expediente ao trámite de información pública durante o prazo de dous meses e solicitar os preceptivos informes sectoriais ao respecto.

Realizada a oportuna tramitación, por parte do arquitecto municipal, con data do 10 de marzo de 2015, emítense informe do seguinte tenor literal:

“Por acordo do Concello Pleno adoptado en Sesión ordinaria celebrada ó 26 de maio de 2014, prestou aprobación inicial a modificación puntual nº4 de PXOM.

O expediente foi sometido a exposición pública mediante a súa publicación na data de 17 de xuño de 2014 no “Faro de Vigo” e na “Voz de Galicia”; e no Diario Oficial de Galicia nº117 de 20 de xuño de 2014; e neste período de exposición pública non se presentaron alegacións a mesma; conforme o certificado emitido polo Secretario Xeral do Concello.

Na data de 8 de agosto de 2014, solicitáronse os informes sectoriais de das diferentes administracións públicas as que pode afectar a presente modificación.

Dos informes sectoriais solicitados, si ben algunha das administracións non emitiu o informe solicitado, soamente fai algunha observación o Servizo de Augas de Galicia e a Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes.

No informe emitido por Augas de Galicia, establece que os equipamentos E96-O, E94-O e E95-CC atópanse en zona de policía do rego Barbosa, debendo recoller este nun plano que se reflicta a súa situación con respecto dos ámbitos; na documentación gráfica do expediente está grafado o rego Barbosa, tal como se aprecia nos planos 5.4 e 5.2 do presente documento de modificación; polo se cumpre coas especificacións establecidas no informe de Augas de Galicia.

No informe emitido polo Secretaría do Medio Rural e Montes, se establece que o Equipamento “E-36-DEP”, que na actualidade esta ocupado polas instalacións deportivas do Circulo Cultural Deportivo de

Sanxenxo, e que se cualifica como unha dotación privada; na esquina surleste de dito equipamento superponse co croquis da carpeta ficha do monte veciñal en man común de Nantes, nunha superficie de 0,41 has. Con data de 15 de Febreiro de 2015, remítese o Servizo de Montes escrito aclaratorio da situación real dos terreos de referencia, no que se pon de manifesto que os terreos do circulo cultural non ocupan terreos do monte veciñal en man común de Nantes. E con data de 25 de febreiro, ten entrada no rexistro do Concello, informe aclaratorio do Servizo de Montes, que tras o análises da situación dos terreos do monte "Pedrousos ou Contumil" establece que existe un erro no croquis da carpeta do monte veciñal; polo que se pode continuar coa tramitación da modificación puntual.

Polo anteriormente exposto, e dado que están aclaradas as deficiencias establecidas no informe de Augas de Galicia e do Servizo de Montes; aclaracións que non supuxeron ningunha modificación do expediente, **informase favorablemente o expediente para a súa aprobación provisional**".

Con data do 10 de marzo de 2015 emítese certificación por parte do Sr. Secretario Xeral indicando que durante o período de información pública do expediente de referencia non se produciron alegacións ao mesmo.

Con data do 11 de marzo de 2015, polo técnico en administración do Concello de Sanxenxo, emítese informe no seguinte senso:

A. "ANTECEDENTES E TRAMITACIÓN.

01. *Procede remitirse ós antecedentes de feito contemplados no informe de quen subscribe de 05 de febreiro de 2014, sen prexuízo dos trámites que a continuación foron realizados, que se refiren de seguido.*
02. *Mediante Acordo adoptado polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o 26 de maio de 2014, prestouse aprobación inicial á modificación puntual nº 4 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Sanxenxo.*
03. *O expediente foi sometido a información pública mediante a súa publicación no "Faro de Vigo" e na "Voz de Galicia", nas edicións do 17 de xuño de 2014, e no Diario Oficial de Galicia (DOGA) nº 117 de 20 de xuño de 2014, se que fora presentada alegación algunha, tal e como queda acreditado coa Certificación expedida na data do 10 de marzo de 2015 polo Sr. Secretario do Concello de Sanxenxo, vo visto e praxe da Sra. Alcaldesa-Presidenta.*
04. *Obran unidos os informes sectoriais e dos Concellos limítrofes, tal e como de seguido se relacionan_:*
 - a) *Informe do Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 05 de setembro de 2014.*
 - b) *Informe do Concello de Poio de 26 de agosto de 2014. (non presentan alegacións)*
 - c) *Informe do Ministerio de Industria, Energía y Turismo de 03 de setembro de 2014. (Favorable)*
 - d) *Informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 11 de setembro de 2014. (favorable en materia de costas)*
 - e) *Informe do organismo Augas de Galicia, do 12 de setembro de 2014. (Favorable)*
 - f) *Informe do Concello de O Grove, do 17 de setembro de 2014. (non se presentan alegacións)*
 - g) *Informe da Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 17 de setembro de 2014. (favorable)*
 - h) *Informe do Concello de Meaño do 30 de setembro de 2014. (favorable)*
 - i) *Informe do Concello de Poio de 30 de setembro de 2011, (non realiza alegacións)*

- j) *Informe da Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes da Consellería do Medio Rural e do Mar de 08 de outubro de 2014 (Sobre afeccións forestais)*
- k) *Informe da Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes da Consellería do Medio Rural e do Mar de 05 de febreiro de 2015. (favorable)*

05. *Foron solicitados os informes sectoriais que a continuación se relacionan, os cales non foron atendidos:*

- a) *Do Servizo Provincial de Costas o 08 de agosto de 2014 (registro de saída nº 3218)*
- b) *Da Deputación Provincial de Pontevedra o 08 de agosto de 2014 (registro de saída nº 3220)*
- c) *Da Consellería de Economía e Industria o 08 de agosto de 2014 (registro de saída nº 3221)*
- d) *Da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o 08 de agosto de 2014 (registro de saída nº 3222)*
- e) *Da Dirección Xeral da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o 08 de agosto de 2014 (registro de saída nº 3227)*

06. *No informe do organismo Augas de Galicia, considerase que dado que os Equipamentos E96-O, E94-O e E95-CC atópanse na zona de policía do rego Barbosa, deberase reflectir dita situación nun plano. Cumpre remitirse o informe emitido polo Arquitecto municipal de 10 de marzo de 2015, que obra unido o expediente.*

B. FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

01. *Procede remitirse ós fundamentos xurídicos expresados no informe asinado po quen subscribe de data do 05 de febreiro de 2014.*

02. *Polo que ó procedemento de tramitación, cumpre indicar que se deu puntual cumprimento á totalidade do trámites previstos no art. 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, así:*

- *Foi sometido a exposición pública por prazo de dous meses, mediante a correspondente publicación no Diario Oficial de Galicia e en dous dos periódicos de maior difusión da provincia. Neste trámite non se presentou alegación algunha.*
- *Solicitáronse os preceptivos informes sectoriais, e deuse audiencia aos municipios limítrofes, como se reflecte nos antecedentes e tramitación do presente informe.*

07. *Por conseguinte, **infórmase favorablemente o expediente para a súa aprobación provisional.***

08. *O manifestado salvo mellor criterio fundado en dereito”.*

Visto o favorable informe que, con data do 11 de marzo de 2015, emite o Secretario Xeral, do seguinte tenor literal:

“1.- OBXECTO DO INFORME

Tramitación da aprobación da Modificación Puntual nº 4 do Plan Xeral de Ordenación Municipal (en diante PXOM).

2.- NORMATIVA APLICABLE

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (en diante LBRL)*
- *Lei 22/1988, de 28 de decembro, de Costas (en diante LCO)*
- *Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (en diante LOUGA).*

3.- ANTECEDENTES

A parte dos sinalados no informe de secretaría, de data do 21/05/2014, correspondente á aprobación inicial, os contidos no expediente de modificación puntual nº 4 do PXOM dende a data da referida aprobación inicial (26/05/2014) se citan os seguintes:

- *Informes de entes territoriais e de carácter sectorial:*
 - *Informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Instituto de Estudos do Territorio (registro de entrada nº 7.681, do 10/09/2014), de data do 05/09/2014.*
 - *Informe do Concello de Poio (registro de entrada nº 7.729, do 11/09/2014), de data do 26/08/2014.*
 - *Informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo (registro de entrada nº 7.791, do 12/09/2014), de data do 03/09/2014.*
 - *Informe do Concello de O Grove (registro de entrada nº 7.929, do 17/09/2014), de data do 17/09/2014.*
 - *Informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (registro de entrada nº 7.976, do 18/09/2014), de data do 11/09/2014.*
 - *Informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Axencia Galega de Infraestruturas (registro de entrada nº 8.114, do 23/09/2014), de data do 17/09/2014.*
 - *Informe de Augas de Galicia (registro de entrada nº 8.163, do 25/09/2014), de data do 12/09/2014.*
 - *Informe do Concello de Meaño (registro de entrada nº 8.711, do 09/10/2014), de data do 30/09/2014.*
 - *Acordo adoptado polo Pleno do Concello de Poio (registro de entrada nº 9.640, do 30/10/2014), de data do 30/09/2014.*
 - *Informe da Consellería do Medio Rural e do Mar. Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes (registro de entrada nº 9.730, do 03/11/2014), de data do 08/10/2014.*
 - *Informe da Consellería do Medio Rural e do Mar. Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes (registro de entrada nº 1.768, do 25/02/2015), de data do 25/02/2015.*
- *Informe favorable do arquitecto municipal, de data do 10/03/2015.*
- *Informe favorable, asinado polo Técnico de Administración do Concello de Sanxenxo, de data do 11/03/2015.*

4.- PROCEDIMIENTO DE APROBACIÓN PROVISIONAL

1º. O artigo 93.4 da LOUGA sinala que as modificacións de calquera dos elementos dos plans, proxectos, normas e ordenanzas se suxeitan ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.

2º Unha vez cumprimentado neste expediente os trámites posteriores á aprobación inicial previstos nos apartados anteriores ao artigo 85.7 da LOUGA, especialmente os de información pública, audiencia aos entes territoriais afectados e petición de informes sectoriais, na citada disposición dispónse que o Pleno do Concello aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que fosen pertinentes, disposición, por aplicación do artigo 93.4 do mesmo texto legal, aplicable tamén para a modificación do

plan.

3º O artigo 47.2 II) da LBRL sinala que se require o voto favorable da maioría absoluta do número legal dos membros das corporacións para os acordos que corresponda adoptar na tramitación dos instrumentos de planeamento xeral previstos na lexislación urbanística, polo tanto a proposta de aprobación provisional desta modificación do PXOM necesitará, para a súa adopción, este tipo de quórum cualificado.

4º No caso de que se adopte este acordo, o artigo 85.7 da LOUGA establece que o plan aprobado provisionalmente, neste caso a modificación, se someterá, co expediente completo debidamente dilixenciado, ao órgano autonómico correspondente que teña que outorgar a aprobación definitiva. Cabe precisar que, por aplicación do artigo 117.2 da LCO, inmediatamente antes da aprobación definitiva e polo tanto, da súa remisión ao órgano autonómico competente, darase traslado á administración do estado do contido do plan, neste caso da modificación, para que no prazo de dous meses se pronuncie sobre o mesmo”.

Visto que polo Sr. Interventor Xeral, con data do 11/03/2015, previo exame do expediente incorporouse dilixencia confirmando en tódolos seus termos a fiscalización realizada con data do 21/05/2014.

En base aos referido antecedentes, esta alcaldía propón ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

PRIMERO.- Prestar aprobación provisional á Modificación Puntual nº 4 do PXOM de Sanxenxo, integrada polo documento técnico denominado “Proxecto de Modificación Puntual nº 4 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sanxenxo”, redactado o 14 de maio de 2014, polo arquitecto municipal D. Rafael Vázquez Abal, e polo técnico de Administración da Xerencia Municipal de Urbanismo – Licenciado en Dereito, D. José Manuel Rey Rial.

SEGUNDO.- Ao abeiro do disposto no artigo 117.2 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, remitir o documento aprobado provisionalmente ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, dependente da Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar (Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente), e ao Servizo de Urbanismo de Pontevedra, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, a fin de que emitan os seus preceptivos informes.

TERCEIRO.- Unha vez consten unidos ao expediente os informes favorables referidos no punto segundo, consonte ao disposto no artigo 85.7 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, remítase o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, para que proceda, no seu caso, a aprobar definitivamente a Modificación Puntual nº 4 do PXOM de Sanxenxo.”

Ao non existir debate sobre a ratificación da inclusión deste asunto na orde do día, a **Sra. Presidenta**, someteuna a votación, na que, **por unanimidade, resultou aprobada a ratificación da inclusión deste asunto na orde do día.**

O **Sr. Gonzalo Pita**, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, recordou que a orixe desta modificación era evitar unha perda de subvención para o Círculo Cultural Deportivo de Sanxenxo e sinalou que ían votar a favor da proposición, se ben preguntou porque un expediente que leva mais dun ano de tramitación non puido ir a comisión informativa.

A **Sra Aguíñ Pombo**, dixo que ían votar a favor neste punto da orde do día.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo, sinalou que votarían a favor da proposición.

A Sra. Alcaldesa explicou que esta modificación era necesaria porque, no proceso de concesión dunha licenza ao Círculo Cultural Deportivo de Sanxenxo, se comprobou a existencia dun erro de planeamento ao definir os terreos da citada entidade privada como equipamentos públicos, que era necesario corrixir para que finalmente se puidese conceder esa licenza e acceder a citada sociedade a unha subvención do Grupo de Desenvolvemento Rural do Salnés, engadindo que os informes non estiveron preparados ata a data de celebración das comisións informativas e non querían deixar de pasar este pleno para que se puidese adoptar este acordo canto antes, felicitando ao departamento de urbanismo polo traballo realizado neste expediente.

Ao non se producir mais intervencións a Sra. Presidenta someteu a proposición a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMERO.- Prestar aprobación provisional á Modificación Puntual nº 4 do PXOM de Sanxenxo, integrada polo documento técnico denominado “Proxecto de Modificación Puntual nº 4 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sanxenxo”, redactado o 14 de maio de 2014, polo arquitecto municipal D. Rafael Vázquez Abal, e polo técnico de Administración da Xerencia Municipal de Urbanismo – Licenciado en Dereito, D. José Manuel Rey Rial.

SEGUNDO.- Ao abeiro do disposto no artigo 117.2 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, remitir o documento aprobado provisionalmente ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, dependente da Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar (Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente), e ao Servizo de Urbanismo de Pontevedra, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, a fin de que emitan os seus preceptivos informes.

TERCEIRO.- Unha vez consten unidos ao expediente os informes favorables referidos no punto segundo, consonte ao disposto no artigo 85.7 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, remítase o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, para que proceda, no seu caso, a aprobar definitivamente a Modificación Puntual nº 4 do PXOM de Sanxenxo.”-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar, a Sra. Presidenta dá por finalizada a sesión, sendo as dez horas e dezaseis minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE:**